


REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 29/07/2021 12:34:06
SAIDA **12009/21**



Dª Beatriz Alvarez Díaz
contacto@asambleadeinvestigadoras.gal

Expediente: D.3.Q/3476/20

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2021

Estimada Sra. Alvarez:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente ao seu desacordo coa regulación da exención de prezos públicos por matrícula de honra.

Como conclusión da correspondente investigación e en aplicación do disposto no art. 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, pola nosa banda formulamos á Consellería de Cultura, Educación e Universidade unha suxestión co contido que vostede coñece a través da nosa comunicación do 11 de maio.

Dando cumprimento á obriga establecida no art. 32.2 da citada Lei, a consellería á resolución que se lle fixo chegar, e nesa resposta sinala o seguinte:

"O 05/05/2021 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade remitiu a esa institución o informe sobre a queixa presentada pola reclamante, en consonancia coa contestación á alegación previamente presentada por esta. En relación co dito informe, a Valedora do Pobo formulou a seguinte suxestión:

"Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade considere eliminar a actual restrición do Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia no relativo á aplicación das matrículas de honra, de modo que estas mencións obtidas no derradeiro ano de estudos de grao sexan de aplicación, para estes efectos, exclusivamente na primeira vez que o alumnado que as obtivo se matricule en estudos de máster e sempre que este se realice no curso académico inmediatamente seguinte".

A este respecto, esta consellería mantén a postura que xa indicou a esa institución no informe mencionado, seguindo o previsto no artigo 10 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE núm. 260, do 30 de outubro). Así, os estudos de máster deben conducir a unha maior especialización académica ou profesional, polo que se considera axeitado manter a necesidade de que os estudos sexan da mesma rama de coñecemento respecto dos estudos de grao cursados.”

Da resposta agora tratada dedúcese que a consellería rexeita o contido da suxestión que lle fixemos chegar. Por este motivo, procederemos de acordo co disposto no artigo 33.2 da Lei da Valedora do Pobo, no que se preceptúa que se non se obtivera unha xustificación adecuada para a non actuación de acordo co indicado, o asunto incluirase no Informe Anual ou especial correspondente, de considerarse que era posible unha solución positiva e esta non se dera. Así pois, no mencionado informe dirixido ao Parlamento de Galicia subliñarase esta circunstancia.

Ao terse por esgotadas as posibles actuacións que lle caben a esta Institución de acordo coa Lei pola que se rexe, faise obrigado proceder ao arquivo do expediente aberto como consecuencia do seu escrito de queixa. No entanto, no suposto de que a consellería modifique a súa posición actual, pola nosa banda poñeríamos de novo en comunicación con vostede, trasladándolle as novas que se produzan.

Agradecémoslle a confianza que nos demostrou e saúdoa atentamente,

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente ao seu desacordo coa regulación da exención de prezos públicos por matrícula de honra.

Nesa queixa esencialmente indicaba o seu desacordo pola regulación que se fai no Decreto 102/2020, do 9 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2020/21, publicado no DOG do día 21 de xullo, no que atinxe ao alumnado que cursa estudos universitarios, por mor do disposto no artigo 11 no cal se tratan as exencións por matrícula de honra. En particular, o segundo parágrafo indica que “Esta exención aplicarase do mesmo xeito no caso de cursar unha segunda titulación de grao ou

máster universitario, na mesma rama de coñecemento e no curso inmediatamente seguinte a aquel en que se obtivo a dita mención.”

Dende a Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC), entenden que esta redacción é discriminatoria no relativo á obriga de que o grao e o mestrado universitario pertenzan á mesma rama de coñecemento ao considerar que se a propia universidade permite a un certo graduado cursar certo mestrado dunha rama de coñecemento distinta da propia da titulación de grao, debe entenderse que dita continuación é, certamente, natural e lóxica ao estar posibilitada. De xeito engadido, entenden que a Consellería está a aplicar as exencións parciais de prezos públicos por matrícula de honra de xeito discriminatorio, posto que só están posibilitando eses descontos a estudiantes que realizan unha progresión grao-mestrado que preserve a rama de coñecemento, mais non a toda progresión grao-mestrado permitida polas universidades do SUG.

O escrito de queixa indica: “Un caso típico sucede co alumnado que, despois de cursar un determinado grao, decide optar polo Mestrado Universitario de Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas; o cal é, certamente, unha saída moi natural para moitas titulacións. Pois ben, dado que o Mestrado Universitario de Profesorado pertence á rama de Ciencias Sociais e Xurídicas, a actual redacción só permitiría aplicar a redución de prezos públicos por Matrículas de Honra en último curso do grao a estudiantado graduado na citada rama, deixando sen esa posibilidade a estudiantado que cursara graos doutros campos de coñecemento como a filoloxía, a química, a física, a matemática, ou a historia, etc.

Dado que o citado DECRETO estivo dispoñible, en forma de borrador, desde o 04/06/2020 ata o 01/07/2020 no portal pertinente da Consellería Educación, Universidade e Formación Profesional para realizar consultas e suxestións, na data do 26 de xuño de 2020, a asociación que promove esta queixa fixo unha suxestión á redacción do artigo 11.1 nos seguintes termos:

Dende a Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC) entendemos que a condición de que “pertenzan aos mesmos estudos ou rama de coñecemento” é perniciosa para parte do estudiantado e discriminatoria, especialmente na transición de estudos de grao a estudos de mestrado. Por poñer un exemplo moi claro, existen moitos graos de diversas ramas de coñecemento que teñen como saída natural o Mestrado Universitario de Profesorado, que está asociado á rama de Ciencias Sociais e Xurídicas. Non obstante, a estas alumnas estariáselles negando a posibilidade de obter unha gratuidade parcial asociada ás Matrículas de Honra obtidas no seu último curso de grao. Dende a AIC pensamos que mudar esta condición para as novas anualidades constitúe unha petición moi razonable.

En consecuencia, gustaríamos solicitar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que reconsiderase a redacción do artigo 11.1 do citado decreto para o futuro "Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2020/21", permitindo o cambio de rama de coñecemento no caso de rematar estudos de grao e comezar un mestrado ou segundo grao.

Dita petición foi desestimada nunha resposta do 10 de xullo indicando que non se ía admitir xa que os estudos de máster deben conducir a unha maior especialización académica ou profesional, polo que se considera axeitado manter a necesidade de que os estudos sexan da mesma rama de coñecemento respecto dos estudos de grao cursados, de acordo co indicado no artigo 10 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

Sobre esta especialización académica ou profesional, o escrito de queixa salienta o feito de que "Máis aló de que son as universidades do SUG as que establecen itinerarios que teñen en conta se os coñecementos adquiridos nun certo grao poden ser considerados suficientes para acceder a outro certo mestrado, resulta doadoo poñer un novo exemplo concreto que desmonta a teoría da Consellería. En poucas verbas: no caso particular do Mestrado Universitario en Profesorado, é obvio que dito mestrado conduce á unha maior especialización académica e/ou profesional do alumnado, dado que resulta habilitante e obrigatorio para presentarse ás oposicións de Ensino Medio.

Entón, en consecuencia a todo o anteriormente exposto, solicitamos que se elimine o feito de que os estudos de grao e mestrado sexan da mesma rama de coñecemento como condición necesaria para aplicar o desconto de prezos públicos por Matrículas de Honra.."

Ante iso requirimos, como vostede sabe, información á Consellería de Cultura, Educación e Universidade que xa nola remitiu. No informe achegado pola Administración sinálase o seguinte:

"Anualmente a Xunta de Galicia publica un decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario, en base á competencia atribuída polo artigo 81 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Para o presente curso académico, os prezos públicos foron regulados no Decreto 102/2020, do 9 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2020/21 (DOG núm. 145, do 21 de xullo).

No punto 1 do artigo 11. Matrículas de honra, establecése o seguinte:

"1. O alumnado de grao e de máster universitario que obteña créditos coa mención de matrícula de honra estará exento do pagamento dos prezos públicos para a primeira matrícula, nun número equivalente dos créditos de que consten as materias en que tiña obtido a dita mención, no curso académico inmediatamente seguinte en que obteña a dita mención, sempre que pertenzan aos mesmos estudos ou rama de coñecemento."


Cabe destacar que, unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, en cumprimento do disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, someteuse a exposición pública o texto íntegro do proxecto entre o 09/06/2020 e o 01/07/2020 na fase "En prazo de envío de suxestións" do portal de Transparencia e Goberno aberto. Neste período recibíronse un total de 4 suxestións a través do formulario dispoñible no propio portal, tal e como consta no certificado emitido o 3 de xullo do 2020 pola directora da ÁREA de Modernización das Administracións Públicas na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

A Asemblea de Investigadoras de Compostela, representada pola súa secretaria Beatriz Álvarez Díaz, formulou a suxestión que deu lugar á queixa de referencia o 26 de xuño de 2020.

Como xa se indicou no seu día en resposta á suxestión recibida pola entidade da que é secretaria a reclamante, remitida o 10 de xullo de 2020, enténdese que non ha lugar á admisión da dita suxestión á redacción do artigo 11.1 do proxecto de decreto, xa que os estudos de máster deben conducir a unha maior especialización académica ou profesional, motivo polo que se considera axeitado manter a necesidade de que os estudos sexan da mesma rama de coñecemento respecto dos estudos de grao cursados, de acordo co indicado no artigo 10 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE núm. 260, do 30 de outubro)."

Da resposta agora tratada dedúcese que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade rexeita o contido da suxestión que lle fixemos chegar. Por este motivo, procederemos de acordo co disposto no artigo 33.2 da Lei do Valedor do Pobo, no que se preceptúa que se non se obtivera unha xustificación adecuada para a non actuación de acordo co indicado, o asunto incluirase no Informe Anual ou especial correspondente, de considerarse que era posible unha solución positiva e esta non se dera. Así pois, no mencionado informe dirixido ao Parlamento de Galicia subliñarase esta circunstancia.

Ao terse por esgotadas as posibles actuacións que lle caben a esta Institución de acordo coa Lei pola que se rexe, faise obrigado proceder ao arquivo do expediente aberto como consecuencia do seu escrito de queixa. No entanto, no suposto de que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade modifique a súa posición actual, pola nosa banda poñeríamos de novo en comunicación con vostede, trasladándolle as novas que se produzan.



Valedora
doPobo
Galicia

Agradecémoslle a confianza que nos demostrou e saúdoa atentamente,

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo